

ÁLBUM DA CIENCIA : O I+D HISTÓRICO DE GALICIA

27 de marzo de 2012

19:00 horas

Salón de Actos do Consello da Cultura Galega

Mesa redonda de presentación coas intervencións de:

Francisco Díaz-Fierros Viqueira: *“O labor da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do CCG”*

Xosé A. Fraga Vázquez: *“O Álbum da Ciencia, obxectivos e contidos”*

Ángel Carracedo: *“A xenómica galega no contexto mundial:
unha ciencia sen historia pero con todo o futuro por diante”*

En 2007, ao cumprirse o centenario da fundación da Junta para Ampliación de Estudios (JAE), o Consello da Cultura Galega decidiu crear o Álbum da Ciencia, un espazo destinado a recoller as biografías dos principais protagonistas da valiosa obra da JAE en Galicia, científicos e outros pensadores.

O Álbum da Ciencia inicia agora unha nova etapa en que atenderá en exclusiva ao ámbito científico e ampliará substancialmente o tramo temporal analizado. Un ambicioso e innovador proxecto que ten como punto de partida as 201 biografías elaboradas para o *Diccionario histórico de científicos galegos* (editado en dúas partes en 1993 e 2005 polo Grupo de Traballo de Historia das Ciencias do Seminario de Estudos Galegos), cuxos textos serán actualizados e reformulados. A iso debe engadirse a incorporación de novas entradas, correspondentes a outros autores, nomeadamente os que desenvolveron o seu labor entre 1936 e 1975, e as relativas a institucións científicas salientables. O principal criterio que utilizamos para a selección de autores será a relevancia da obra no momento histórico que viviron e o seu vínculo con Galicia.

O resultado final permitirá ofrecerlles aos usuarios un total dunhas 300 entradas en liña, unha parte substancial do I+D histórico do país, unha especie de panteón virtual da excelencia científica, que proporcionará unha valiosa e actualizable información a públicos diversos.

Con esta iniciativa o Consello da Cultura Galega contribúe ao fomento da cultura científica da sociedade por medio da difusión do labor desenvolvido polos científicos máis sobranceiros da historia de Galicia.

A elaboración desta nova versión do Álbum da Ciencia supón un esforzo investigador e divulgativo dun amplo equipo de máis de vinte colaboradores especialistas. A dirección foi encomendada a Xosé A. Fraga Vázquez, da Sección de Ciencia, Natureza e Sociedade do Consello, quen contou coa colaboración do coordinador desa Sección, Francisco Díaz-Fierros Viqueira, na codirección, e de Alfonso Mato na coordinación e redacción.

O Álbum da Ciencia supón un novo paso para un ambicioso proxecto do CCG: a futura elaboración do Álbum de Galicia.